



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Intermediación turística e transporte I		Código	662G01013d
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Rodríguez Pallas, Angel	Correo electrónico	angel.rodriguez.pallas@udc.es	
Profesorado	Rodríguez Pallas, Angel	Correo electrónico	angel.rodriguez.pallas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo da materia é describir, detallar e coñecer os elementos principais da xestión de intermediación e distribución dos produtos e servizos turísticos nas axencias de viaxes, físicas e virtuais, tendo en conta o espazo no que se desenvolven na actualidade, as infraestruturas, o marco legal, as novas tecnoloxías e os procedementos operativos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Demostrar que se pode comunicar de maneira efectiva no seu idioma nativo tanto oralmente como por escrito.	A3 A13 A24 A33	B2 B6	C1 C2
Entender a nova sociedade do lecer e o dinamismo e carácter evolutivo do turismo.	A3	B2 B7	C1
Empregar e profundar no uso das tecnoloxías da información e comunicación no subsector da intermediación turística.	A22	B7	C1
Comprender como se deseñan as políticas comerciais, estratexias e como se fixan obxectivos a alcanzar no subsector da intermediación turística	A3 A5 A6 A7 A11 A13 A14 A18 A22 A24 A32 A33 A34 A35	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C2 C5 C8



Entender a configuración das axencias de viaxes tanto no ámbito presencial como no virtual.	A1	B4	C3
	A2	B5	C4
	A3		C5
	A4		C6
	A6		
	A7		
	A12		
	A14		
	A19		
	A22		
	A26		
	A27		
	A33		
	A34		
	A35		
Entender a configuración das axencias de viaxes tanto no ámbito presencial como no virtual.	A3	B1	C4
	A5	B4	C6
	A6		C7
			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade didáctica I: A distribución comercial no sector turístico.	Tema 1. Introducción á distribución turística. Tema 2. A canle de distribución no sector turístico.
Unidade didáctica 2: Estructura da distribución comercial no sector turístico .	Tema 3. As axencias de viaxes na distribución turística. Tema 4. Os tour operadores na distribución turística. Tema 5. Os GDS e los CRS na distribución turística. Tema 6. As centrais de reservas na distribución turística
Unidad didáctica 3: A distribución comercial ante os cambios no sector turístico.	Tema 7. As tecnoloxías e a distribución turística.
Unidade didáctica 4: A intermediación das axencias de viaxes	Tema 8: Intermediación na venda de transporte aéreo Tema 9: Intermediación na venda de transporte marítimo Tema 10: Intermediación na venda de transporte ferroviario Tema 11: Intermediación na venda de transporte de carretera Tema 12: Intermediación na venda de aloxamentos turísticos e restauración. Tema 13: Intermediación na venda de Viaxes Combinadas. Tema 14: Intermediación na venda de outros servizos turísticos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A35 A32 A27 A26 A24 A19 A18 A14 A13 A12 A11 A7 A6 A4 A3 A2 A1 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	12	46	58



Traballos tutelados	A35 A34 A33 A32 A24 A22 A18 A14 A13 A12 A11 A7 A6 A3 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	49	49
Análise de fontes documentais	A3 A5 A7 A12 A13 A14 A18 A22 A24 A32 A33 A34 A35 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	10	10
Proba mixta	A3 A5 A6 A7 A11 A12 A13 A14 A18 A22 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	2	29	31
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Realizarase a través de Moodle de modo asíncrono. Para o seu estudo de modo autónomo realizarase unha exposición xeral introductoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo personal, coas oportunas orientacións bibliográficas. Para isto facilitarase ó estudantado todo o contido que conforma o marco teórico de cada un dos temas en formato de arquivo explicativo audiovisual. Ademais facilitarase ó estudantado os contidos de cada uns dos temas en formato PDF.</p> <p>Poderanse introducir algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p>
Traballos tutelados	<p>Ao redor dos diferentes temas propoñerase a realización de tantos traballos en grupo como considere o profesor e con presentación oral daqueles que se sinalen. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completadas mediante traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor.</p> <p>Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios.</p> <p>Tras a asignación dun tema por parte do profesor o alumnado recompilará a información necesaria, preparará un guión xeral que irá de desenvolvendo contando co apoio do profesor nas distintas sesións periódicas de seguimento, fará entrega do traballo concluído vía moodle dentro do prazo establecido e farase a presentación oral dos traballos que o profesor sinala. Os traballos tutelados faranse por grupos de entre 3-5 alumnos como máximo (calquera excepción deberá estar autorizada polo profesor). A presentación oral non superará os 10 minutos como máximo por grupo; en caso necesario o profesor autorizará a entrega da devandita presentación de modo pre-gravado. A parte escrita entregarase vía moodle.</p>



<p>Análise de fontes documentais</p>	<p>Ao redor dos diferentes temas propoñeráse a realización de tantas análises de fontes documentais como considere o profesor. As temáticas para analizar serán seleccionadas de modo que estas sexan útiles como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.</p> <p>Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completadas mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor.</p> <p>Tras a asignación dun tema por parte do profesor o alumnado recompilará a información necesaria, preparará un guión xeral que irá de desenvolvendo contando co apoio do profesor nas distintas sesións periódicas de seguimento, fará entrega do traballo concluído vía moodle e farase a presentación oral das análises de fontes documentais que o profesor sinale.</p> <p>A tarefa poderase levar a cabo de maneira individual ou en grupos de entre 3-5 alumnos como máximo (segundo o que indique o profesor en cada caso. Se se realiza en grupo calquera excepción en canto ao nº de participantes deberá estar autorizada polo profesor). A presentación oral non superará os 10 minutos como máximo por grupo; en caso necesario o profesor autorizará a entrega da devandita presentación de modo pre-gravado. A parte escrita entregarase vía moodle.</p>
<p>Proba mixta</p>	<p>O exame, que o alumando online deberá realizar de modo presencial, incluírá problemas prácticos e preguntas teóricas obxectivas/subexctivas (preguntas de resposta verdadeiro-falso e/ou preguntas de resposta si-non, e/ou preguntas de resposta curta, e/ou preguntas de resposta longa, e/ou preguntas sobre o estudo de casos) relacionadas coa materia.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Sesión maxistral Traballos tutelados Análise de fontes documentais</p>	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo sincrónico co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado.</p> <p>As clases en liña serán asíncronas. Facilitarase ao estudiantado vía moodle os contidos de cada un dos temas en formato pdf e en formato de arquivo audiovisual para o seu estudo de modo autónomo. Estas clases veranse complementadas coa posibilidade de recibir titorías personalizadas nas que o profesor procederá a tratar as posibles dúbidas que puidesen xurdir nas sesións maxistrais, análises de fontes documentais, traballos tutelados, proba mixta ou calquera outro aspecto relacionado que materia.</p> <p>Os estudantes serán atendidos a través de Microsort Teams, Moodle e correo electrónico resolvéndose mediante estas canles as posibles dúbidas que poidan xurdir. A forma e o momento nos que se realizará será especificado ao longo do desenvolvemento da materia en función das necesidades do alumnado coa posibilidade por parte do profesor de realizar titorías en grupo.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A35 A34 A33 A32 A24 A22 A18 A14 A13 A12 A11 A7 A6 A3 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Realización dun ou varios traballos tutelados relacionados cos bloques de contidos da materia. Valorarase: o axuste do traballo ás instrucións; a calidade formal do traballo; a calidade e creatividade dos contidos do traballo; a amplitude e pertinencia das fontes de información utilizadas.</p> <p>Presentación oral daqueles traballos tutelados indicados polo profesor. Valorarase: o axuste da presentación ás instrucións, a calidade e creatividade dos contidos da presentación, a amplitude e pertinencia das fontes de información empregadas e a calidade das respostas no turno de preguntas que podería seguir á presentación segundo o criterio do profesor.</p> <p>Cando se programen traballos tutelados a realizar en grupo, establécese un máximo de 5 estudantes participantes por grupo.</p> <p>Cando se programen presentacións orais na aula, estas non poderán superar o máximo de 10 minutos por cada traballo tutelado (a criterio do profesor poderanse substituír as presentacións orais na aula pola entrega dun vídeo pre-gravado)</p> <p>A entrega da parte escrita de traballos tutelados realizarase vía moodle.</p>	30
Proba mixta	A3 A5 A6 A7 A11 A12 A13 A14 A18 A22 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Consistirá na realización, na data oficialmente establecida, duha proba mixta (que poderá ser oral ou escrita, a criterio do profesor) que recolla os contidos teóricos e prácticos dos diversos bloques temáticos da materia.</p> <p>Criterios de avaliación: coñecemento dos contidos teóricos, capacidade para aplicar os contidos teóricos a casos prácticos, nivel de consecución das competencias incluídas no programa da materia, capacidade de análise e síntese, extensión e precisión do vocabulario, corrección estilística e gramatical.</p>	60
Análise de fontes documentais	A3 A5 A7 A12 A13 A14 A18 A22 A24 A32 A33 A34 A35 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Realización dunha ou varias análises de fontes documentais en relación ó contido da materia. Valorarase: o axuste do traballo ás instrucións; a calidade formal do traballo; a calidade e creatividade dos contidos do traballo; a amplitude e pertinencia das fontes de información utilizadas.</p> <p>Cando se programen análises de fontes documentais a realizar en grupo, establécese un máximo de 5 estudantes participantes por grupo.</p> <p>Cando se programen presentacións orais na aula, estas non poderán superar o máximo de 10 minutos por cada análise de fontes documentais (a criterio do profesor poderanse substituír as presentacións orais na aula pola entrega dun vídeo pre-gravado)</p> <p>A entrega da parte escrita de análise de fontes documentais realizarase vía moodle</p> <p>A participación activa e con aproveitamento nas actividades presenciais relacionadas coa análise de fontes documentais é obrigatoria para o alumnado.</p>	10

Observacións avaliación



As clases do grao online realizaranse de xeito asíncrono. Para isto o profesor engadirá todo o material necesario en Moodle. O alumnado do grao online deberá visualizar semanalmente as clases maxistras e interactivas gravadas e consultar os materiais engadidos na plataforma Moodle; reservándose os horarios asignados a esta materia e establecidos no calendario escolar para aclarar todas posibles dúbidas ou consultas sobre a materia e para tutorizar os traballos a realizar; sempre suxeito a solicitude por parte do alumnado.

Os criterios de avaliación son os mesmos para cada unha das oportunidades de avaliación, incluíndo a convocatoria adiantada.

A nota final da asignatura calcularase da forma seguinte:

PARTE PRÁCTICA (40%), composta de:

Traballos tutelados e análise de fontes documentais con presentación oral daqueles indicados polo profesor PRUEBA MIXTA (60%):

Exame presencial (tipo prueba mixta que poderá ser oral ou escrita segundo a decisión del profesor) sobre os contenidos da materia. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación. Parte práctica e proba mixta.

Os criterios de puntuación dos incluídos na parte práctica con presentación oral daqueles indicados polo profesor e proba mixta daranse a coñecer no momento da realización dos mesmos e subministraranse xunto cos enunciados destes.

A entrega dos traballos incluídos na parte práctica realizarase exclusivamente a través da plataforma Moodle (salvo indicación ao contrario por parte do profesor) e cumprindo coa data límite de entrega establecida. Serán calificados como "non presentado" os traballos incluídos na parte práctica entregados fora de prazo ou non entregados. O feito de non acudir a unha presentación oral implicará tamén a calificación de "non presentado" dese exercicio. A efectos de cálculo da calificación final da parte práctica, a non presentación dalgunha das tarefas penalizará coa resta na nota final da parte práctica do valor atribuído á mencionada tarefa calificada como non presentada.

Se a calificación final do alumno/a en primeira oportunidade na parte práctica da materia é inferior a 2 puntos (sobre un máximo de 4 puntos), éste/a terá que acudir á segunda oportunidade e realizar novamente a proba mixta (non se conservan as calificacións obtidas na proba mixta dunha oportunidade para outra) e ademais terá que realizar novamente tódolos traballos incluídos na parte práctica calificados como suspensos ou non presentados (consérvanse as calificacións das tarefas aprobadas dunha oportunidade para outra). Para superar a materia en segunda oportunidade, ó igual que en primeira oportunidade, é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada una das partes obxecto de avaliación: parte práctica e proba mixta.

Os únicos utensilios cos que está permitido acceder ó recinto da proba nos que se realice a proba mixta final son os básicos para contestar ó exame: lápiz, bolígrafo ou pluma, goma de borrar e calculadora non programable.

Está expresamente prohibido o acceso ó recinto do exame con: a) teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo que permita comunicación a distancia e/ou almacenamento de información; b) apuntes, anotacións, libros ou material similar que non fose expresamente autorizado na convocatoria do exame ou una páxina web (Moodle) da materia. A non observancia desta normasupón que se considere como realizada a proba en fraude e iso con independenciade que quen teña no recinto da proba tales dispositivos ou material sinalado os empregase ou non no curso desta. O alumno/a deberá acreditar a súa persoalidade de acordó coa normativa vixente.

Segundo establecen as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" (aprobada o 19/12/2013 e modificada o 29/06/2017) no Art. 21.2: Considerarase como "Non presentado" (NP) a aquel estudante que, estando matriculado na materia, non concorra ás distintas actividades de avaliación que se establecen para o curso académico.

Deste xeito, será cualificado como "Non presentado" cando:

- Non complete o proceso de avaliación continua, nas condicións que figure na guía docentes, ou
- Non se presente á proba do período oficial de avaliación.

As datas, horarios e lugar de realización

das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023-2024 e documentación concordante. As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade da Coruña con acceso limitado ao profesorado da materia e ao estudantado matriculado. De ser necesario, por motivos excepcionais, modificar ou precisar os métodos de avaliación sinalados na guía, tales modificacións ou precisións publicaranse no mesmo soporte telemático.



HONRADEZ ACADÉMICA

Considerarase que se comenten prácticas ilícitas cando un alumno/a actúa para defraudar ou tratar de defraudar ós sistemas de comprobación e avaliación do rendemento académico así como o incumprimento das normas establecidas polo profesor para a realización de traballos.

Os traballos nos que se detecten prácticas ilícitas serán calificados con un 0.

Lembrase ao alumnado que o uso de calquera axuda ou dispositivo no exame final está totalmente prohibida, e no caso de utilizar calquera soporte no permitido quedará automaticamente suspenso, independentemente da nota do exame e outras probas. Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido no artigo 14 das "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario".

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, co titor ou titora ADI da Facultade de Turismo.

REGULAMENTO DISCIPLINAR DO ESTUDANTADO DA UDC (Artigo 11, apartado 4 b)

Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

PERSPECTIVA DE XÉNERO

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)

Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Albert Piñole, Isabel (2015). Gestión de viajes, servicios y productos turísticos. Editorial Universitaria Ramón Areces, Madrid. - Ameigeiras Martínez, Celia (2014). Comercialización y venta de servicios turísticos. Editorial Síntesis, Madrid. - Del Alcázar Martínez, Benjamin (2002). Los canales de distribución en el sector turístico. Editorial ESIC, Madrid. - De Borja Solé, Luis y Gomis, Joan Miquel (2009). El nuevo paradigma de la intermediación turística. Editorial Pirámide, Madrid. - Iglesias Tovar, Juan Ramon (2007). Comercialización de productos y servicios turísticos. Editorial Síntesis, Madrid. - Mitre Aranda, María (2006). La producción e intermediación turística en el sector de las agencias de viajes. Ediciones de la Universidad de Oviedo, Oviedo. - Song,Haiyan (2011). Tourism Supply Chain Management. Routledge - Buhalis, Dimitrios y Law, Eric (2001). Tourism Distribution Channels: Patterns, Practices and Challenges. Thomson London - Fernández-Villarán Ara, Asunción;Rodríguez Zulaica, Ainara y Pastor Ruiz, Ricardo (2019). Distribución turística. Editorial Sintesis. Madrid - Blasco i Peris, Albert (2015). Transporte turístico. Editorial Sintesis. Madrid - Nieto Rodríguez, Agustín (2016). Dirección y gestión de entidades de intermediación turística. Editorial Sintesis. Madrid
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - De Pablo Redondo, Rosana (2004). Las nuevas tecnologías aplicadas al turismo. Editorial Universitaria Ramón Areces, Madrid. - Voleger Ruiz, Carlos y Hernandez Armand, Enrique (2000). El mercado turístico: estructura, operaciones y procesos de producción. Editorial Universitaria Ramón Areces, Madrid. - Benckendorff, Pierre; Xiang, Zheng y Sheldon,Pauline (2019). Tourism Information Technology. CABI Tourism Texts - Horner,Susan;Swarbrooke,John (2020). Consumer Behaviour in Tourism. Routledge

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución ao Turismo/662G01009

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías